


SEMANA DAS LETRAS

11-17 MAIO



17M: DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Como ben sabedes, este ano 2020 o Día das Letras Galegas está dedicado a **Ricardo Carvalho Calero**.

Aínda que por mor do **coronavirus**, a Real Academia Galega decidiu aprazar a celebración oficial ata outubro:




Con todo, nós imos aproveitar esta semana para lembrar a súa figura e a súa obra...



RICARDO CARVALHO CALERO (Ferrol 1910 – Compostela 1990) foi um dos maiores intelectuais galegos do século XX, tanto como ensaísta e criador como por ser um incansável galeguista. Interessou-lhe desde cedo a literatura e a política, estudando na Universidade de Santiago. Em 1933 casa com a companheira de estudos M^a Ignacia Ramos. A Guerra Civil frustra a sua trajetória e depois de lutar no bando republicano é retaliado pela ditadura franquista. Em 1965 torna-se o primeiro professor de galego da Universidade. A partir de 1975 começa a defender as posições reintegracionistas para o galego, o que provocaria, outra vez, que fosse marginalizado por muitas instituições.

Sabías que...? CARVALHO CALERO era REINTEGRACIONISTA, unha corrente que defende a unidade da lingua galega e portuguesa. Investiga máis que é iso do REINTEGRACIONISMO. Descarga o [BOLETÍN CARVALHO](#) no teu equipo e comeza cubrilo.





CARVALHO CALERO dedicou boa parte da súa vida a estudar a lingua que falaba e en 1966 decidiu compartir todos os seus coñecementos na *Gramática elemental del gallego común*.

- SABES PARA QUE SERVEN AS GRAMÁTICAS?
- E POR QUE CARVALHO SE DECIDIU A ESCRIBIR ESTA GRAMÁTICA TAN IMPORTANTE NA HISTORIA DA NOSA LINGUA?

Continúa avanzando no **BOLETÍN CARVALHO**



Ricardo Carballo Calero

*Historia
da literatura
galega*

CONTEM
PORÁ
NEA

Galaxia


CARVALHO CALERO tamén se dedicou a estudar a obra dos escritores e escritoras galegas. Para amosar ao mundo boa parte dos seus descubrimentos literarios publicou en 1963 *Historia da literatura galega contemporánea*. A obra foi fundamental para coñecer en profundidade figuras tan relevantes coma Rosalía de Castro.

- CANTOS ANOS DEDICOU A ESCRIBIR ESTA OBRA?
- QUEN LLE PEDIU QUE A ESCRIBISE?



Veña, imos dedicarlle outro tempinho a avanzar no noso BOLETÍN CARVALHO!!

Pero CARVALHO CALERO tamén cultivou...

- a **POESÍA**,



- a **NARRATIVA**,



- e o **TEATRO**



Sabías que... ?

NUMEROSOS POEMAS DE CARVALHO CALERO ESTÁN SENDO MUSICADOS POR GRUPOS GALEGOS CONTEMPORÁNEOS.


ESCOITADE, ESCOITADE... XA VEREDES COMO MOLAN! LOGO, ESCRIBIDE NO **BOLETÍN CARVALHO CAL** DESTAS TRES VERSIÓNS VOS GUSTOU MÁIS E POR QUE.



RUXE RUXE. “Nom sei se matei”



THE TETAS VAN. “Luísa Sorriso”



ATAQUE ESCAMPE. “Desde o ceu com amor”

Que vos parece se coñecemos un pouco máis da vida de **CARVALHO CALERO** vendo este vídeo que realizou o alumnado de 5º de Primaria do Colexio San Pío X (Ourense) ?



DON RiDardo, o xogo

Deseguido, e se xa vistes o vídeo podes xogar a **DON RiDardo, o xogo**, no cal se inicia unha partida de dardos formada por dez tiradas. En cada unha delas formúlase unha pregunta con tres opcións, das cales unha é correcta e dúas non. Ao acertar, o tirador fai diana no centro.

A persoa que atine todas as preguntas poderá descargar un **diploma honorífico**



Agardamos que o paseses moi ben!





ESCULTURA DEDICADA
A **CARVALHO CALERO**
FRONTE À ALAMEDA DE
COMPOSTELA